

Calendario de prestación do servizo:

2009: 4/09, 5/09, 11/09, 12/09, 18/09, 19/09, 25/09, 26/09, 2/10, 3/10, 9/10, 10/10, 11/10, 16/10, 17/10, 23/10, 24/10, 30/10, 31/10, 6/11, 7/11, 13/11, 14/11, 20/11, 21/11, 27/11, 28/11, 4/12, 5/12, 6/12, 7/12, 10/12, 11/12, 12/12, 18/12, 19/12, 23/12, 25/12, 26/12.

2010: 1/1, 2/1, 3/1, 4/1, 5/1, 8/1, 9/1, 15/1, 16/1, 22/1, 23/1, 29/1, 30/1, 5/2, 6/2, 12/2, 13/2, 19/2, 20/2, 26/2, 27/2, 5/3, 6/3, 12/3, 13/3, 19/3, 20/3, 26/3, 27/3, 2/4, 3/4, 9/4, 10/4, 16/4, 17/4, 23/4, 24/4, 30/4.

Número mínimo de prazas: 54.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 7 de agosto de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Pedagógica Waldorf e se inscribe no Rexistro Auxiliar de Fundacións deste protectorado.

Visto o expediente tramitado por instancia da *Fundación Pedagógica Waldorf* para a súa declaración de interese galego e a conseguinte inscrición no Rexistro Auxiliar de Fundacións de Interese Galego.

Resultando que a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola súa Orde do 30 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 10 de xullo), clasificou de interese educativo a devandita fundación e a adscribiu á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en virtude da correspondente escritura pública de constitución do 3 de xuño de 2009.

Atendendo a que a referida escritura pública de constitución contén os extremos previstos no artigo 11 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e a que nos seus estatutos constan os requisitos exixidos polos artigos 12 e 13 da mesma lei autonómica.

Considerando que os fins, dotación fundacional, elementos organizativos e demais normas reguladoras da *Fundación Pedagógica Waldorf* cumpren cos requisitos e condicións establecidos pola mencionada Lei 12/2006, así como polas normas de xeral aplicación que determina a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

Considerando que este expediente o promoveron persoas lexitimadas para iso e que na súa tramita-

ción se cumpriron os requisitos legais e regulamentarios exixidos tanto pola lexislación autonómica vixente en materia de fundacións de interese galego coma polas normas básicas estatais de xeral aplicación.

Esta consellería, consonte o disposto no artigo 32.3º do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, e logo do informe da asesoría xurídica deste departamento,

RESOLVE:

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación Pedagógica Waldorf* e proceder a inscribir a escritura pública da súa constitución no Rexistro Auxiliar de Fundacións deste protectorado, de conformidade co disposto nos artigos 52.4º, 54 e 55 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e cos efectos previstos no artigo 5 desta lei.

Segundo.-Esta disposición, que pon fin á vía administrativa de acordo co establecido no artigo 109 c) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá ser impugnada potestativamente mediante recurso de reposición no prazo dun mes ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou ben impugnada directamente, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Corrección de erros.-Orde do 20 de agosto de 2009 pola que se convocan bolsas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e en educación especial no curso escolar 2009/2010.

Advertido erro na citada orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 166, do martes 25 de agosto de 2009, na páxina 13.928, é necesario efectuar a seguinte modificación:

No anexo I, no epígrafe a) Datos do centro, tipo de centro (sinalar cun x o que proceda), onde di: «Privado», debe dicir: «Público».



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

Programa cofinanciado por:



PROCEDEMENTO BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED330B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

A) DATOS DO CENTRO

TIPO DE CENTRO (SINALAR CUN X O QUE PROCEDA)	
<input type="checkbox"/> PÚBLICO	<input type="checkbox"/> CONCERTADO
DENOMINACIÓN DO CENTRO	
<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO DO CENTRO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

B) Nº DE FILLOS ESCOLARIZADOS NO CENTRO PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA
 (só alumnado matriculado en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e educación especial)

1º ALUMNO/A			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)		DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>		<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>
2º ALUMNO/A			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)		DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>		<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>
3º ALUMNO/A			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)		DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>		<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>
4º ALUMNO/A			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)		DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>		<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>
5º ALUMNO/A			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)		DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>		<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>

Declaración xurada de ingresos

O solicitante declara baixo xuramento que se atopa incluído na situación de renda per cápita familiar que se indica a continuación. No caso de solicitudes de axuda para alumnos de educación especial, esta epígrafe deixarase en branco.

- Familias monoparentais con ingresos ata 6.000 €, con ingresos entre 6.000,01 ata 9.000 €.
- Resto de familias con ingresos ata 5.400 €, con ingresos entre 5.400,01 ata 9.000 €.

Nota: se o número de fillos escolarizados no centro é maior de sete, utilice follas adicionais e numéreas neste cadro:

Páxina nº:

